

## Nota para curiosos

Non se comeza un libro todos os días, ou cando menos un non é consciente se ese é o principio ou só un intento van e sen continuidade. Esta vez foi así: fun consciente de que comezaba un libro. Viña de rematar un texto que considero excelente, *The Malay Archipelago*<sup>1</sup>, da autoría de Alfred Russel Wallace, un naturalista inglés contemporáneo de Charles Darwin e con quen creo que a historia non fixo xustiza. O libro atopeino hai tempo no azar da pescuda sen rumbo fixo nunha librería de Londres, á que sabería chegar sen dificultade, pero da que non lles podo dar razón, pois descoñezo nome e enderezo. Lino devagar, pois é tomo de moitas páxinas e letra miúda. Tomei del noticia dalgúns casos curiosos e sumeinos a notas e deseños que xa tiña acumulados na gabeta dos libros posíbeis. Foi así que neste inverno frío de Bruxelas, vendo caer as folerpas da neve contra o vidro da fiestra do apartamento, soñeime a min mesmo de turbante e anteollos, á sombra dunha palmeira, nun peirao do porto de Ormuz, co océano sen norte diante da miña xanela, vendo pasar unha manda de toniñas. Fun ata o andel dos libros e lin unhas páxinas de

1. Alfred Russel Wallace. *The Malay Archipelago, the land of the orang-utan, and the bird of paradise*, with an introduction by John Bastin. Reeditado en Oxford University Press por Asian Hardback Reprints en 1986 da edición americana publicada por Harper & Brothers, Nova York, 1869.

Cunqueiro. Logo, sentei na mesa de traballo que teño na *mezzanine* do salón e comecei a escribir unha lista de historias que contar. Algunhas delas non verán a luz neste libro senón noutros futuros, pois aqueles que as viviran negáronse a contarmas ao oído e tal é o caso de “O home dos mil chapeus”, a do “Congro máis grande do mundo”, ou a da “Cidade somerxida de Berilia”. Outras, foron aparecendo pouco a pouco, como saídas dun magma espeso onde habitan os soños e as mitoloxías. Falareilles así, entre outras, das navegacións de Giacomo Pagliarani ata acadar o país dos daiaques, da viaxe de Manuel de Andrade dende Sevilla ata a illa de Ceilán, das historias escoitadas na barbería de Sadr e daquelas que as ánimas dos afogados referían na baiuca do fondo do mar. Hai máis, pero deixen que reserve a sorpresa do detalle para cando se acheguen á lectura do texto que vén a seguir.

Este que lles presento é, pois, un libro de amator. Os lectores avisados e atentos notarán nel, nos temas e no ritmo, trazas dun libro para min moi querido, como é *Se o vello Sinbad volve-se ás illas*<sup>2</sup>, de Álvaro Cunqueiro. Foi Cunqueiro o primeiro escritor en lingua galega que, mozo eu aínda, foi quen de me engaiolar coas súas historias.

O coñecemento de Cunqueiro chegoume por dúas vías ben distintas. Lembro que foi un meu amigo ourensán, Xosé Luís Rodríguez, que estudaba bioloxía en Compostela, quen me presentou este e outros libros do escritor mindoniense. Tamén me falou del, con agarimo de mestre, o escritor lugués Xosé Trapero Pardo, que nos veráns adoitaba visitar, na casa matriz da Porta dos Mariños, a un meu tío-avó que estivera emigrado en Uruguai.

2. Álvaro Cunqueiro. *Se o vello Sinbad volve-se ás illas*. Vigo, Editorial Galaxia, 1961.

Pasaron os anos e non poucos dende que escoitei falar de Cunqueiro por vez primeira, e moitos máis aínda dende que, eu enfermo, me leran nunha noite de verán as aventuras de Sinbad o mariñeiro tal e como aparecen relatadas n' *As mil e unha noites*, que hei confesar, nunca cheguei a ler na súa totalidade. Anos pasaron tamén dende que nunha tarde de outono e beiramar, preto do peirao de Panxón, e engaiolado sen dúbida polos rizos dunha serea, albisquei entre a bruma que do mar se erguía as illas das Cotovías... “que son sete... e están ao sur... e son mareas cando clarexa o alba... e a do medio ten unha montaña verde...”

Se conto isto non é por vontade biográfica, que de seguro que hai vidas ben máis interesantes que a miña, senón por avisar con tempo, antes que comecen a engurrar a sobrecella ou a deseñar un sorriso de complicidade ou de desdén. Coido eu que non é preciso desvendar todos os segredos da creación dun texto, que sería tanto como desvendar o interior mesmo de un propio, pero non está demais que coñezan algunhas características (debilidades ou fortalezas) e algúns vestixios do camiño emprendido.

Son sete os grupos de historias ou fragmentos de historias, unha entrega por cada día da semana, para que as lean no autobús ou no leito, a carón do lume ou fronte á fiestra onde os vidros embazados deixan albiscar como brúa o vento, erguendo do mar lendas e escumas.

Se as xulgan boas, que lles aproveite a lectura, que esa intención de entretelos levaba quen as escribiu, e se por ruíns as teñen, pois esa non foi a intención e disimulen, pero que lles aproveite tamén o gusto. Se algún día se encontran con azos e memoria poden repetilas se quixesen, ou se cadra inventalas outra vez, cando alguén lles demande unha historia para durmir ou para pasar o tempo. E se por un azar sen compañía estivesen poden tamén lelas en alta voz, e soñar que navegan polos mares inzados de mastros e de velas. Eu conto con lles gusten, sinceramente.

Se así fose xa saben, cóntenllo aos amigos. Se non lles gustan, pídolles outra vez sinceras desculpas por lles ter roubado o seu tempo distraéndoo de lecturas máis proveitosas e amenas.

Para rematar un consello que non sei moi ben se escoitei algures ou se é produto dos meus soños: “A cada viaxeiro unha historia diferente, para que se expandan polo mundo e abraien os señores dos palacios e os rufiáns das tabernas, para que engaiolen as nenas en amores de príncipes encantados, e fagan soñar os rapaces aventureiros co que nunca viron... nin verán...”

Máis nada, que a vida lles sexa leve e pracenteira, que teñan saúde e sorte, e que sexan felices na súa diferenza.

Bruxelas, inverno de 2005